



Expediente IET: P-20-254
Proxecto: Parque eólico Zamorra
Concello: Agolada (Pontevedra)
Promotor: Green Capital Power SL

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 27/09/2021 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto de Parque eólico Zamorra.

1. Antecedentes:

Con data do 05/06/2020 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto ambiental (EIA), de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) debendo o seu contido axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008. Ademais facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos das infraestruturas na paisaxe e indicábanse distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha adecuada integración paisaxística do proxecto.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal



O proxecto consiste na construción do parque eólico Zamorra, de 31,5 MW, composto por 7 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, centro de seccionamento, edificio de control e estación anemométrica). Os aeroxeradores terán 4,5 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 127,5 metros, e 145 metros de diámetro de rotor. A torre de medición acadará unha altura de 127,5 metros. O transporte da enerxía xenerada por cada máquina levarase soterrada ata o centro de seccionamento agás no cruce do rego da Baíña.

O estudo de impacto ambiental achega un EIIP como documento específico (Anexo 6), no que se inclúen as características do proxecto remitidas ao EslA, a caracterización da paisaxe e a súa valoración, un estudo da súa visibilidade e unha valoración dos impactos previstos.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Galicia Central, na comarca paisaxística de Terra de Melide – Arzúa. Na contorna do parque localízanse distintas áreas de especial interese paisaxístico. As máis próximas corresponden á AEIP-07-16 Mourazos e O Monte de San Xurxo, que se sitúa a uns 250 metros ao norte do aeroxerador ZA-04 e a 800 metros do ZA-05, e a AEIP-07-20 Sobreirais do Arnego, localizada ao oeste dos aeroxeradores máis occidentais do parque a unha distancia que varía entre os 750 metros e os 1,5 km. Esta última área correspóndese ademais co espazo natural ES1140015 ZEC Sobreirais do Arnego. A maior distancia localízanse a AEIP-07-17 Castelo do Pambre, a uns 5 km ao nordés do aeroxerador ZA-06, e a AEIP-07-21 Alto Ulla, a uns 8 km ao leste do ZA-07. Respecto aos miradoiros, os máis próximos son o Miradoiro Monte das Covas, a uns 7,5 km da máquina ZA-02 en dirección suroeste, e o de Cima do Farelo, a uns 8 km ao sueste do aeroxerador ZA-07. Aparecen outros miradoiros a unha distancia aproximada de 10 km, como son o de Coto da Magdalena, ao oeste do grupo de aeroxeradores do sector occidental do parque, e o Miradoiro de O Carrio, ao sur da posición da máquina ZA-02.

En relación a outros elementos do Catálogo cabe indicar que o Camiño de Santiago (Camiño Francés) discorre en dirección leste-oeste a uns 9 km ao norte do proxecto. Ademais, a 4 km ao norte do ZA-03 atópase o PR-G 125 Sendeiro de Visantoña.

As infraestruturas do proxecto distribúense por unha serie de elevacións na zona norte do concello de Agolada. Son montes de relevos suaves que conforman a vertente sur do río Ulla. A cobertura principal destes montes é de mato con especies forestais de repoboación, piñeiros e eucaliptos, intercalándose entre elas pequenas masas irregulares de frondosas autóctonas. Nas zonas de menor pendente e nos vales, dispóñense amplas zonas de prados e cultivos ao redor dos núcleos rurais, sendo frecuente, ademais, a presenza de instalacións agrícolas na contorna do parque. A principal vía que dá acceso ao parque é a estrada autonómica PO-840, e dende a mesma parten as distintas estradas da rede provincial que conectan as infraestruturas, como son a EP-6302 e a EP-6303, ou a EP-6403 que bordea o encoro de Portodemouros, próximo ao sector occidental do parque.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP fai unha caracterización da paisaxe mediante un encadre do ámbito visual (15 km ao redor da infraestrutura) no Catálogo das paisaxes de Galicia. Para elo enumera para cada comarca paisaxística afectada as súas unidades de paisaxe, valores paisaxísticos e visibilidade, así como nun apartado posterior, o grao de fragilidade. No apartado de visibilidade analízase a mesma dende algúns establecementos hoteleiros así como dende o camiño de Santiago e o sendeiro de Visantoña, incluíndose un plano coas zonas do ámbito visual de estudo dende onde é visible o proxecto. No EslA atópanse os planos de análise da topografía, hidrografía e as





coberturas e usos do solo no ámbito da poligonal do PE. As características do proxecto remítense ao EsIA. A estimación de impactos céntrase no impacto visual do proxecto mediante o cálculo da súa intervisibilidade, valorándose como impacto “moderado medio”, se ben no EsIA lévese a cabo tamén un estudo do impacto sobre a contemplación da paisaxe no apartado 5.6.9.3, no que se valora como “compatible”. En relación á integración paisaxística do mesmo, o EIIP remite ao anexo 7 onde se establecen as labores de restauración vexetal dos terreos afectados durante a obra e no seu desmantelamento.

O EIIP presentado non se axusta polo tanto aos contidos esixibles de acordo co artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. Non inclúe a xustificación de como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística nin as determinacións das directrices da paisaxe, tal e como se recolle nos artigos 11.2d da Lei 7/2008 e 27.d do Regulamento. Tampouco está completa a diagnose do estado actual da paisaxe nin a documentación que se establece no artigo 31 do Regulamento para os EIIP. Deberá recoller tamén as medidas preventivas e correctoras para acadar a integración paisaxística do proxecto, máis alá do referido no anexo 7 do EsIA (proxecto de restauración e integración paisaxística).

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores e a torre meteorolóxica, en zonas elevadas, o que lle confire unha alta visibilidade debido á súa posición dominante no relevo. Respecto aos efectos sinérxicos con outros parques, nun radio de 15 km aparecen distintos parques en funcionamento, tramitación ou autorizados, atopándose o máis preto a uns 2,5 km ao leste, outro á mesma distancia ao sur, e a 8 km ao sueste aparece o parque en funcionamento máis próximo da contorna.

Tamén se producirán impactos visuais como consecuencia da distancia aos núcleos de poboación, posto que existen numerosos asentamentos localizados a menos dun quilómetro de algún dos aeroxeradores do parque, que se atopan distribuídos por unha ampla zona ao norte do concello.

6. Conclusión:

O proxecto incorpora un EIIP cuxo contido non se axustan ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008., polo que se deberá completar coas seguintes indicacións:

- Deberá emendarse a diagnose do estado actual da paisaxe de acordo ao contido que establece o artigo 28 do Regulamento. En particular, deberanse analizar as condicións de visibilidade do proxecto dende os elementos de valor así como dende as AEIP. En base a esta análise deberase completar a documentación do EIIP cun plano da contorna do proxecto no que se representen os devanditos elementos de valor paisaxístico ademais das AEIP, miradoiros, sendas e demais elementos do catálogo. (artigo 31.1.a do Regulamento)
- Completarase a análise da estimación de impactos sobre a paisaxe, e concretamente sobre os elementos de valor anteriormente mencionados tales como árbores ou masas de interese, formacións rochosas, construcións, muros ou valados de carácter tradicional, camiños rústicos de interese. Tamén se deberán achegar montaxes fotográficas ou imaxes virtuais que simulen a inserción das infraestruturas, vistas dende as AEIP, os



principais puntos singulares anteriormente citados e dende os núcleos e vías de comunicación máis afectados. (artigos 27.c, 29.d e 31.1.d do Regulamento)

- De acordo co disposto no artigo 11.2.d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe para as unidades de paisaxe afectadas.
- Deberase recoller no EIIP as medidas a adoptar para acadar a integración paisaxística do proxecto, de acordo co disposto no artigo 30 do Regulamento e nas normas e recomendacións das Directrices de paisaxe que resulten de aplicación, entre as que cabe salientar, neste caso, as seguintes:
 - Tal e como xa se indicaba no informe anterior do IET, para evitar os impactos paisaxísticos sobre as AEIP e demais elementos de valor, deberase analizar a localización e distribución dos aeroxeradores en relación con estes e, de ser o caso, propoñer alternativas de localización dos mesmos, para valorar aquelas propostas que presenten unha menor incidencia visual sobre estes elementos do Catálogo das paisaxes.
 - De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos rurais próximos ao proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.
 - Para o edificio de control e centro de seccionamento, debido ao tipo de edificación que constitúen, é dicir, instalacións de infraestrutura eléctrica e en relación á directriz de paisaxe DX.17.c.4, considérase máis axeitado empregar técnicas e materiais propios deste tipo de instalacións e que busquen a maior integración cromática e textural posible. Polo tanto, os materiais empregados deberán presentar acabamentos que transmitan unha imaxe de calidade, evitándose as imitacións da arquitectura tradicional. Así mesmo, de ser necesario, disporase unha pantalla vexetal no perímetro da instalación realizada con especies autóctonas de acordo coas directrices de paisaxe DX.17.b e DX.20.o.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Enrique Luis de Salvador Sánchez

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)

